

**1. Identificación da programación**
**Centro educativo**

Código	Centro	Concello	Ano académico
36020386	Marco do Camballón	Vila de Cruces	2022/2023

**Ciclo formativo**

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
SSC	Servizos socioculturais e á comunidade	CMSSC01	Atención a persoas en situación de dependencia	Ciclos formativos de grao medio	Réxime xeral-ordinario

**Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (\*)**

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0214	Apoio á comunicación	2022/2023	5	87	104

(\*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

**Profesorado responsable**

Profesorado asignado ao módulo	MARTA VIQUEIRA PAMPÍN
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión departamento

## 2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

As persoas que obteñan este título han exercer a súa actividade no sector de servizos ás persoas, de carácter asistencial, psicosocial e de apoio á xestión doméstica.

As ocupacións e os postos de traballo salientados, son os seguintes:

- Coidador/a de persoas en situación de dependencia en institucións e/ou domicilios.
- Coidador/a en centros de atención psiquiátrica.
- Xerocultor/a.
- Gobernante/a e subgobernante/a de persoas en situación de dependencia en institucións.
- Auxiliar responsable de pranta de residencias de maiores e persoas con discapacidade.
- Auxiliar de axuda a domicilio.
- Asistente de atención domiciliaria.
- Traballador/a familiar.
- Auxiliar de educación especial.
- Asistente persoal.
- Teleoperador/ora de teleasistencia.

As medidas establecidas na Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, o aumento de persoas maiores na nosa comunidade e a diminución de coidadoras informais, faría previsíbel unha alta inserción laboral e unha tendencia de crecemento estábel, se ben o actual escenario socioeconómico pode frear a demanda de persoas altamente cualificadas para tarefas de atención.

O forte crecemento dos servizos de atención diúrna que se observaba nos últimos anos vai requirir profesionais con maior competencia e versatilidade na realización de actividades de apoio psicosocial.

A progresiva implantación das novas tecnoloxías fai necesaria tamén unha actualización permanente neste campo, para se adaptar aos cambios que se vaian introducindo nas institucións e no propio domicilio.



**3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha**

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	Comunicación, linguaxe e SAAC	Introducción as contidos teóricos básicos do MP	12	15
2	SAAC con axuda	Sistema sistema bliss, spc, usuarios/as perfis e axudas	40	35
3	SAAC sen axuda	LSE, metodos oralistas, xestualistas, bimodais ..	40	35
4	O proceso de intervención na comunicación	A comunicación no marco do PAI e a súa abordaxe	12	15

#### 4. Por cada unidade didáctica

##### 4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	Comunicación, linguaxe e SAAC	12

##### 4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Relaciona os sistemas alternativos e aumentativos de comunicación coa persoa en situación de dependencia, e valora as súas dificultades específicas.	NO

##### 4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Argúmentouse a influencia da comunicación no desenvolvemento diario das persoas.
CA1.2 Definíronse os conceptos de comunicación alternativa e aumentativa.
CA1.3 Descríbense as características dos principais sistemas alternativos e aumentativos de comunicación.
CA1.4 Identifícanse os principais factores que dificultan ou favorecen a comunicación coa persoa en situación de dependencia.

##### 4.1.e) Contidos

Contidos
<p>Proceso comunicativo e os seus elementos.</p> <p>OO persoal técnico como modelo de comunicación.</p> <p>Importancia da comunicación no desenvolvemento das persoas.</p> <p>Comunicación alternativa e aumentativa: consideracións xerais sobre os sistemas de comunicación alternativa e aumentativa.</p> <p>Sistemas alternativos e aumentativos de comunicación: sistemas de comunicación con axuda e sen axuda.</p> <p>Estratexias no uso de sistemas de comunicación alternativa: adecuación das condicións ambientais.</p> <p>Factores favorecedores e inhibidores da comunicación: accesibilidade. Interacción entre persoas usuarias mediante distintos sistemas comunicativos.</p> <p>Valoración da importancia da comunicación e da interacción comunicativa en diversos contextos. Selección de técnicas para favorecer a implicación familiar e do contorno social na comunicación coa persoa usuaria</p>

**4.2.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
2	SAAC con axuda	40

**4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Relaciona os sistemas alternativos e aumentativos de comunicación coa persoa en situación de dependencia, e valora as súas dificultades específicas.	NO
RA2 - Realiza actividades de apoio á comunicación, e describe sistemas alternativos e aumentativos de comunicación con axuda.	SI

**4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA1.7 Xustificouse a necesidade de adoptar medidas de prevención e seguridade no uso de sistemas alternativos de comunicación.
CA2.1 Descríbense as características e os usos básicos dos principais sistemas alternativos de comunicación con axuda.
CA2.2 Créanse mensaxes sinxelas cos diferentes sistemas de comunicación con axuda, que faciliten a comunicación e a atención á persoa usuaria.
CA2.3 Descríbense outros sistemas e elementos facilitadores da comunicación con axuda.
CA2.4 Comprenderonse mensaxes expresadas mediante sistemas de comunicación con axuda.
CA2.5 Aplicáronse os axustes necesarios en función das características particulares das persoas usuarias.
CA2.6 Utilizáronse as axudas técnicas necesarias para o apoio á comunicación.
CA2.7 Xustificouse a importancia do uso das tecnoloxías da información e da comunicación nas actividades de apoio á comunicación.

**4.2.e) Contidos**

Contidos
Medidas de prevención e seguridade no uso de sistemas alternativos de comunicación.
Sistemas de comunicación con axuda: sistemas Bliss, SPC, etc. Criterios de aplicación Axudas de alta e baixa tecnoloxía. Elaboración de taboleiros de comunicación. Tipos de símbolos: pictográficos, arbitrarios, ideográficos, etc. Códigos de acceso: cores, Utilización dos sistemas Bliss e SPC.
Identificación das características comunicativas da persoa usuaria e axuste dos sistemas en función destas.
Identificación doutros sistemas non estandarizados de comunicación con axuda.
Uso de axudas tecnolóxicas.
Valoración dos sistemas de comunicación con axuda.

**4.3.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
3	SAAC sen axuda	40

**4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Relaciona os sistemas alternativos e aumentativos de comunicación coa persoa en situación de dependencia, e valora as súas dificultades específicas.	NO
RA3 - Realiza actividades de apoio á comunicación, e describe sistemas alternativos e aumentativos de comunicación sen axuda.	SI

**4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA1.7 Xustificouse a necesidade de adoptar medidas de prevención e seguridade no uso de sistemas alternativos de comunicación.
CA3.1 Descríbense estruturas básicas dos sistemas alternativos sen axuda.
CA3.2 Descríbense os principais signos utilizados en situacións habituais de atención a persoas en situación de dependencia.
CA3.3 Créanse mensaxes sinxelas cos diversos sistemas de comunicación sen axuda, que faciliten a comunicación e a atención á persoa en situación de dependencia.
CA3.4 Aplícanse os axustes necesarios en función das características particulares das persoas en situación de dependencia.
CA3.5 Descríbense outros sistemas e elementos facilitadores da comunicación sen axuda.
CA3.6 Comprenderonse mensaxes expresadas mediante sistemas de comunicación sen axuda.

**4.3.e) Contidos**

Contidos
Medidas de prevención e seguridade no uso de sistemas alternativos de comunicación.
Principais sistemas de comunicación sen axuda: LSE e bimodal. Elementos que rexen os sistemas de comunicación sen axuda.
Principais características da lingua de signos. Parámetros na formación dos signos
Vocabulario básico da lingua de signos. Vocabulario temático: a casa, a residencia, a comida, a saúde e outros signos de interese.
Principais características do sistema bimodal: vocabulario básico.
Identificación das características comunicativas da persoa usuaria e axuste dos sistemas en función destas.
Uso doutros sistemas non xeneralizados de comunicación sen axuda. Descrición doutros sistemas de comunicación sen axuda non xeneralizados: mímica, acenos naturais, dactilolóxico, movementos oculares, escritura en palma, etc.
Valoración dos sistemas de comunicación sen axuda.

**4.4.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
4	O proceso de intervención na comunicación	12

**4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Relaciona os sistemas alternativos e aumentativos de comunicación coa persoa en situación de dependencia, e valora as súas dificultades específicas.	NO
RA4 - Realiza o seguimento das actuacións de apoio á comunicación formalizando os protocolos de rexistro establecidos.	SI

**4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA1.5 Interpretáronse as informacións sobre o apoio á comunicación recibidas no plan ou no proxecto de atención individualizado.
CA1.6 Seleccionáronse técnicas para favorecer a implicación familiar e do ámbito social na comunicación coa persoa usuaria.
CA4.1 Formalizáronse protocolos de rexistro como medio de avaliación da competencia comunicativa da persoa usuaria.
CA4.2 Argumentouse a importancia de lle transmitir ao equipo interdisciplinar a información rexistrada.
CA4.3 Establecéronse criterios para verificar o grao de cumprimento das instrucións de apoio á comunicación no ámbito familiar.
CA4.4 Comprobouse o uso correcto dos elementos que compoñen o sistema de comunicación elixido.
CA4.5 Identificáronse protocolos de transmisión ao equipo sobre a adecuación do sistema de comunicación elixido.
CA4.6 Identificáronse criterios e indicadores para detectar cambios nas necesidades de comunicación.
CA4.7 Argumentouse a importancia da obtención, o rexistro e a transmisión da información para mellorar a calidade do traballo realizado.

**4.4.e) Contidos**

Contidos
<p>Interpretación do plan ou do proxecto de apoio á comunicación.</p> <p>Valoración da importancia da comunicación e da interacción comunicativa en diversos contextos. Selección de técnicas para favorecer a implicación familiar e do contorno social na comunicación coa persoa usuaria</p> <p>Indicadores significativos nos rexistros de competencias comunicativas: número de signos expresados, número de signos comprendidos, velocidade de expresión e recepción en dactilolóxico, e tamaño da fonte en sistemas baseados na lectoescritura.</p> <p>Formalización de instrumentos de rexistro de competencias comunicativas.</p> <p>Identificación dos criterios que determinan o axuste ou cambio do sistema de comunicación. Deterioración nas funcións mentais, agravamento en patoloxías sensoriais e dificultades na xeneralización de competencias comunicativas.</p> <p>Identificación dos criterios para verificar a implicación familiar e do ámbito social.</p> <p>Transmisión ao equipo interdisciplinar da información recollida.</p> <p>Xustificación da necesidade de valorar a eficacia dos sistemas de comunicación.</p>

## 5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

- A relación social
- Proceso na comunicación
- O manexo da linguaxe verbal
- Estratexias comunicativas non verbais
- Barreiras na comunicación
- Adaptación do léxico da institución ás características do usuario
- Sistemas alternativos de comunicación
- Sistemas aumentativos de comunicación
- Lenguaxes alternativos usuais (Sistema SPC, sistema LSE)

En canto aos criterios de cualificación levarase a cabo un proceso de avaliación continua e integral do alumnado que proporcionará información sobre a marcha da súa aprendizaxe. No caso de que esta aprendizaxe non se consiga no ritmo desexado, identificaranse as causas do déficit coa intención de poder realizar as modificacións que se consideren oportunas para acadar os resultados de aprendizaxe.

A información que aportará esta avaliación será o máis rica posíbel e non se reducirá á consideración dunha soa área (o rendimento), a unha soa técnica (probos), a unha soa tendo en conta a obrigatoriedade de ter superados todos os mínimos esixíbeis para poder obter unha cualificación positiva das unidades didácticas nela desenvolvidas e entregar os traballos nas datas establecidas pola profesora, pero a cualificación final será calculada en función deste baremo:

A cualificación para cada avaliación corresponderá: 50% Exámenes, 50% Traballos ou actividades de aula

A cualificación final será a media das avaliacións realizadas o longo do curso.

No caso de que a alumna non acadase unha cualificación positiva nalgunha das unidades didácticas realizará as actividades de recuperación que establecerá a profesora de forma individualizada atendendo aos déficits da alumna e co fin de acadar os obxectivos do módulo. As actividades do plan de recuperación poderán consistir na elaboración de actividades e tarefas semellantes aos propostos durante a unidade e/ou a realización dunha proba de contidos.

O período de realización das actividades de recuperación comezará unha vez rematado o trimestre e durante o trimestre inmediatamente seguinte, e finalizará no prazo que estableza a profesora e o alumnado.

Todo documento de avaliación unha vez revisado pola profesora e a alumna, será custodiado pola primeira até rematar o prazo de reclamacións da avaliación final do módulo. Especificarase o prazo de devolución de traballos e si unha vez superado dito prazo o/a alumno/a non o recolle o/a profesora entenderá que renuncia a eles. As datas e hora de entrega das actividades, traballos e realización de probos serán negociadas co alumnado pero unha vez fixadas serán inamovíbeis.

Na finalización de cada avaliación o alumnado levará a cabo un proceso de autoavaliación e de coavaliación coa profesora en canto ao que se refire a: contidos, metodoloxía, recursos e proceso de avaliación.

## 6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

### 6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

Se elaborará un informe a cada alumno/a dos temas que resultaron máis complicados ou difíciles de superar de una forma individualizada, con novas explicacións teóricas ou distintas actividades para que resulte máis axeitado poder superar o módulo positivamente. As actividades de recuperación serán realizadas antes da avaliación final.



## 6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

Dado que o número de horas do módulo é de 87, traducido en sesións de 50 minutos, 104, o número máximo de faltas de asistencia non xustificadas para ter dereito á avaliación continua será de 10 sesións (10%) non xustificadas. A perda deste dereito non supón a perda do dereito de seguir asistindo a clase.

A avaliación consistirá na realización dunha proba que constará dunha parte teórica e dunha parte práctica sobre os contidos do módulo.

Parte teórica: poderá incluír cuestións de diferente tipo: tipo test, de elección, de resposta corta e/ou de desenvolvemento ¿máis ou menos amplo- de cuestións relacionadas cos contidos do módulo. A duración máxima desta proba será de 2 sesións de 50 minutos

Parte práctica: poderá incluír contidos procedimentais abordados ao longo do módulo que requiran a aplicación de estratexias e protocolos específicos de intervención. A duración desta proba terá un máximo de 2 sesións de 50 minutos.

Se se estima oportuno, poderá substituírse a parte práctica pola valoración dos traballos desenvolvidos ao longo do curso polo grupo/clase.

Para acadar unha cualificación positiva na proba extraordinaria é preciso obter 5 (dun máximo de 10 puntos) en cada unha das partes que a compoñen.

## 7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

O seguimento da programación realizarase de xeito mensual.

Unha vez remata da a avaliación final desta programación didáctica, se revisarán tódalas anotacións e cambios acaecidos ó longo do curso, nos apartados seguintes:

Obxectivos

Desenvolvemento

Unidades Traballo

Temporalización

Metodoloxía

Materiais e Recursos

Atención á diversidade

Procedemento de avaliación

Sistema Extraordinario de avaliación

Atención o alumnado de modulos pendentes

Actividades Complementarias

## 8. Medidas de atención á diversidade

### 8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Pasarase a todo alumnado un cuestionario para obter información tanto individual como de grupo. Algúnhas preguntas farán referencia sobre as súas expectativas ante o Ciclo, porque se matricularon, que esperan de estes estudos. Tamen é necesario saber cales son sus estudos anteriores, su nivel académico, se proceden de bacharelato o accedieron mediante proba. Outra información a acadar sobre o grupo e si é un curso homoxéneo o no en canto idades e preparación. Tamén que nos comuniquen si van seguir estudando una vez terminado o ciclo o ben pensan entrar no mundo profesional.

## 8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Conforme se establece no artigo 12º e 13º da Orde do 7 de maio de 2007 (DOG 156), entenderase por alumnado que presenta necesidades educativas especiais aquel que requira, por un período da súa escolarización ou ao longo de toda ela, apoios e atencións educativas específicas derivadas de discapacidade ou trastornos graves de conduta.

O alumnado con necesidades educativas especiais poderá ser autorizado, cando as necesidades de apoio específicas así o xustifiquen, para cursar os ciclos formativos de réxime ordinario de xeito fragmentado por módulos, cunha temporalización distinta á establecida con carácter xeral. O alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados, será, obxecto de medidas de reforzo educativo que poden consistir en una atención máis individualizada, como lecturas complementaria, realización de exames con redución de materia, máis actividades que faciliten acadar os obxectivos

## 9. Aspectos transversais

### 9.a) Programación da educación en valores

A Lei Orgánica 2/2006 de Educación incorpora as competencias básicas ao currículo, como un dos seus elementos máis salientables, esta incorporación das competencias básicas ao currículo é unha primeira aposta por achegar o sistema educativo ás esixencias internacionais. Unha das competencias introducidas é a competencia social e cidadán, básica para a comprensión da realidade na que se vive empregando o xuízo ético baseado nos propios valores e nas prácticas democráticas que deben presidir as nosas relacións. Enténdese que desde esta competencia o alumnado poderá afrontar dun xeito máis adecuado a convivencia coas demais persoas e o enfrontamento dos conflitos que poidan xurdir nas relacións.

Tendo en conta a familia profesional na que se encadran estes estudos, desde o módulo de Apoio á Comunicación non se fará unha programación específica da educación en valores por considerala unha parte esencial da formación das futuras técnicas, de xeito que se tratará dun modo integral ao longo de todo o proceso de ensino aprendizaxe, promovendo que o alumnado sexa capaz de actuar con criterio propio, contribuíndo á paz e á democracia e mantendo actitudes construtivas, solidarias e responsábeis ante os dereitos e obrigas cidadáns. Con todo poñeremos énfase: na igualdade de oportunidades, na educación ambiental, na educación afectivo-sexual, educación viaria, educación moral e cívica, educación para o consumo, educación intercultural e cooperación internacional

### 9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Ao longo do curso promoveranse diferentes actividades complementarias e extraescolares tendentes a unha adecuada consecución dos resultados de aprendizaxe previstos no currículo, na seguinte liña de actuación:

- Charlas sobre a realidade profesional en centros de atención a persoas en situación de dependencia, a cargo de persoal técnico en exercicio.
- Charlas de profesionais que coñezan ou empreguen algunhas das técnicas ou procedementos específicos dalgunha unidade didáctica.
- Visitas a entidades que teñan como misión a atención de persoas en situación de dependencia.
- Participación en actividades formativas externas relacionadas co apoio á comunicación

## 10. Outros apartados

### 10.1) Flexibilización da programación

A programación é un documento de traballo que serve de guía do curso, isto non significa que sexa ríxida e estática.

É importante facer fincapé na flexibilidade da programación en canto a :

- Secuenciación de contidos ou actividades: as unidades non seguen unha liña temporal ininterrompida, senón que por mor dalgunha actividade específica se pode interrompir momentaneamente o seu desenvolvemento.

- As actividades de ensino-aprendizaxe, poderán modificarse ou cambiarse por outras que debido ás características do alumnado sexan máis oportunas.
- Algúns aspectos da avaliación poderanse modificar, sempre en base a principios educativos. Estes cambios comunicaranse ao alumnado con tempo suficiente.
- Terase en conta a situación ante a Covid e poderá flexibilizarse medios de impartición, traballos e probas segundo se precise dada a situación.